

Acta núm. 31/2019.**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 26 de novembro de 2019.****CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 26 de novembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretaria Ana Sánchez Fontáns, secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 30/2019, DO 19.11.2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

3º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 30/2019, DO 19.11.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 19.11.2019, acta núm. 30/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Cesar Soto Velasco, que actúa en representación de CESAR CARLOS SOTO SÁNCHEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da capela, do alpendre e dos locais anexos existentes no Pazo do Armesto, colocando tella e sen modificar a estrutura e o volume actual destes espazos.

A parcela onde se empra a edificación (ref catastral nº 6357807NH2465N0017TB) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

O Pazo de Armesto encontrase incluído dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa clave OE6.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informe favorables da Consellería de cultura e turismo emitido o 12.11.2019 (expte 316/19, sesión do 30 de outubro de 2019) e da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes CONDICIÓNS recollidas no informe da Consellería de cultura:

- Reutilizárase a tella existente que estea en bo estado.
- No caso de querer substituír elementos da estrutura por outros novos ou modificar as configuracións actuais da cuberta, deberá achegar o correspondente proxecto asinado por técnico competente.
- En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, o prazo de seis meses, achegarase a Xefatura Territorial, unha memoria final que conterá fotos comparativas do estado inicial e final.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 249,65 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 314,22 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIEGO BOUZAS GRONZO na que comunica que vai construír un muro de peche no fronte da parcela situada en Cantelar nº14 – Boullón, coas seguintes características:

- O linde situarase, segundo plano do documento administrativo de cesión asinado o 08.05.2017, previo a licenza para construción de vivenda outorgada pola Xunta de Goberno Local o 09/05/2017, a 5,50m do eixe da vía pública.
- Executarase con muro de pedra de espesor 10 cm e 1,00m de altura sobre a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras (ref. catastral nº 4140405NH2444S00000GS) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 116,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 180,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MIGUEL ÁNGEL PÉREZ NOVO na que comunica que vai modificar un muro de peche existente, desmontando o portal de acceso actual para abrir e colocar un novo acceso no outro extremo do peche, sen modificar a altura nin a liña do mesmo.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 31.10.2019, RX 1621750, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,17 euros.

3ª) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretaria accidental, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

A secretaria acctal

José Luis García García

Ana Sánchez Fontáns